

BESTEIRO: "ACABÁRONSE OS MOTIVOS POLOS QUE CONFIAR NA DEREITA EN GALICIA, NON HAI PROXECTO NIN RESULTADOS"

O socialista afirmou que o PP "é un perigo para o público" e "non é de fiar á hora de xestionar o diñeiro de todos"

O secretario xeral do PsdeG arroupou a candidatura de José Tomé en Monforte "para gobernar pensando nos cidadáns, nun concello cun dos gastos sociais máis baixos por habitante"

Monforte, 11 de maio de 2015. O secretario xeral do PsdeG, José Ramón Gómez Besteiro, participou esta noite nun mitin en Monforte no que afirmou que o PP "é un perigo para o público" e "non se pode manter nas institucións por máis tempo a quen fai un uso indebido dos recursos públicos", polo que animou a votar ao PsdeG "para gobernar pensando nos cidadáns", con José Tomé Roca como única alternativa sólida "nun concello cun dos gastos sociais máis baixos por habitante", dixo. "A dereita non é de fiar á hora de xestionar o diñeiro de todos", incidiu Besteiro.

"Acabáronse os motivos polos que confiar na dereita en Galicia. Non hai nin proxecto nin resultados, o único que nos deu a dereita do PP foron sospeitas sobre a súa transparencia e sospeitas sobre a súa honradez", asegurou o socialista, "non podemos confiar nun partido que ten a todos os seus extesoreiros procesados en casos de corrupción, ou que mesmo os seus expresidentes recibían cheques para pagar as campañas aquí en Galicia".

Fronte a un partido "pouco fiable" e "cuxos alcaldes actúan como delegados de Feijóo e Rajoy e pensan máis nos intereses da Xunta que nos dos seus veciños", Besteiro situou o "proxecto claro" de Tomé Roca, "centrado nos problemas de Monforte e con obxectivos ben definidos, porque esta cidade merece unha oportunidade para volver medrar", afirmou. "Tomé Roca será o próximo alcalde de Monforte, os socialistas somos necesarios porque somos os que mellor xestionamos os concellos, pensando só nos problemas dos cidadáns", asegurou o líder do PsdeG. No mitin de Monforte, ademais de Gómez Besteiro e o candidato á alcaldía, interviron o secretario xeral provincial, Juan Carlos González Santín, e o deputado monfortino Vicente Docasar.

Comunicación PSdeG-PSOE

